

# Únete a Libres e Combativas

## Constrúe con nós o feminismo revolucionario e anticapitalista



A crise do sistema capitalista desvelou de xeito cruel a opresión á que nos enfrontamos as xóvenes e as mulleres traballadoras. Non só somos vítimas dunha desigualdade crecente, da explotación laboral máis brutal ou dos prexuízos misóxinos que pregoan a Igrexa e os gobernos reaccionarios. As mulleres da clase traballadora soportamos unha violencia cotiá á que non se pon freo e que supuxo a morte de miles de nós no Estado español e no resto do mundo.

Baixo o sistema capitalista, os ataques contra a muller traballadora adquiren multitude de formas, todas horribles. Pero as agresións físicas dan a medida da degradación que estamos soportando: o 70% sufrimos, polo menos unha vez na vida, episodios de violencia machista; cada 8 horas prodúcese unha denuncia por violación e, nos últimos 7 anos, máis de 800 mulleres foron asasinaadas no Estado español. Unhas cifras que son unicamente a punta do iceberg dunha lacra repugnante.

A outra parte menos visible da opresión que sufrimos de forma cotiá, pero igual de criminal, é resultado das políticas capitalistas que adoptan tanto os gobernos da dereita como os que se chaman “socialdemócratas”. Baixo este sistema condénasenos a unha vida de precariedade, con peores traballos e salarios. Os recortes en sanidade, educación e en axudas á dependencia obrígnanos en moitas ocasións a cargar sobre as nosas costas o coidado de nenos, familiares e enfermos. Os recortes en bolsas de comedor ou a imposibilidade de acceder a prazas públicas en escolas infantís obrígnanos a ter que soportar o peso das tarefas domésticas, a negarnos a independencia económica e a relegarnos en moitas ocasións ás catro paredes do fogar.


Por outra banda, o poder da Igrexa e a súa impunidade para diseminar todo tipo de prexuízos contra as mulleres, alimentando comportamentos sexistas, homófobos e patriarcais, constitúe unha realidade intolerable. O PP e tamén a dirección do PSOE permitiron que o control da Igrexa Católica sobre o ensino siga sendo aínda asfixiante, mentres que nos negan o dereito a acceder a unha educación sexual plena e medios anticonceptivos gratuítos.

Como xóvenes e mulleres traballadoras que defendemos un feminismo anticapitalista e revolucionario, sostemos que a loita polos nosos dereitos non é unicamente unha cuestión de xénero, senón que tamén, e de xeito determinante, é unha cuestión de clase. Baixo o sistema capitalista non todos somos iguais e tampouco o somos todas as mulleres. Moitas, como Esperanza Aguirre, Cristina Cifuentes, Inés Arrimadas ou Patricia Botín, defenden o sistema capitalista e todas as regras que perpetúan a situación de opresión da maioría de nós.

Elas apoian de xeito entusiasta as reformas laborais que favorecen os empregos precarios, os salarios inferiores para mulleres, as xornadas laborais extenuantes, ou os recortes en

**Sindicato de  
Estudiantes**

**ESQUERDA  
REVOLUCIONARIA**



gastos sociais. Ademais, cando chegan a posicións de poder económico e político adoptan os mesmos papeis patriarcais e explotadores: a opresión de xénero tampouco a sufrimos do mesmo xeito. Que temos que ver as mulleres traballadoras con elas? Absolutamente nada! O feito de ser mulleres non nos coloca do mesmo lado da barricada. Todo o contrario. Elas só defenden os intereses da súa clase, dos ricos, do seu sistema, porque lles garante o seu estilo de vida e os seus privilexios.

## Organización e loita

Sabemos que a única forma de acabar coa prostración que nos pretenden impoñer é coa loita colectiva e a mobilización nas rúas. Xa demostramos a forza que temos as xóvenes e as mulleres traballadoras cando nos poñemos en marcha: nas manifestacións masivas de Estados Unidos contra Donald Trump, co movemento #NiUnaMenos en América Latina, en Polonia polo dereito ó aborto, ou á fronte do movemento contra os desafuzamentos, levando a cabo loitas como as Kellys en defensa dunhas condicións de traballo dignas, ou sendo o empuxe de conflitos laborais como as Espartanas de CocaColaEnLucha. O pasado 8 de marzo fomos millóns nas rúas de todo o mundo levantando un grito enordecedor contra a violencia machista e a opresión capitalista.

Desde o Sindicato de Estudiantes e Esquerda Revolucionaria sabemos que a liberación da muller traballadora é unha cuestión de primeira orde para todas e todos os que aspiramos a transformar o mundo. Por este motivo impulsamos Libres e Combativas, plataforma feminista, anticapitalista e revolucionaria, para unir as forzas de todas as que sufrimos a opresión e a violencia do capitalismo na mesma loita por transformar a sociedade.

## Basta de violencia contra a muller! Nin unha menos!

- Castigo exemplar ós responsables de todas as violacións, maltratos físicos e psicolóxicos, asasinatos e desaparicións de mulleres. Basta de leis que non nos protexen. Despedimento e sanción a todos os policía e xuíces que coa súa actitude favorecen a impiedade dos agresores.
- Medios materiais e casas refuxio para as mulleres maltratadas. Por un posto de traballo digno ou subsidio de desemprego indefinido, así como unha vivenda digna para as vítimas de maltrato e os seus fillos.

## O noso corpo, a nosa decisión!

- Dereito ó aborto libre, gratuito e seguro. Basta de represión.
- Servizos de planificación familiar, públicos, gratuítos e de calidade. Acceso á educación sexual integral en todos os Institutos e facultades, así como a todos os medios anticonceptivos de xeito gratuito. Fóra a Igrexa e a relixión do ensino público!
- Contra a lacra da prostitución e o tráfico de mulleres. A liberación da muller pasa por que decidamos e controlemos o noso corpo sen ter que usalo para sobrevivir. Contra os ventres de aluguer, outro negocio moi lucrativo que, do mesmo xeito que a prostitución, move miles de millóns de euros para beneficio dos de sempre.

## A igual traballo igual salario! Abaixo as cadeas do traballo doméstico!

- Derrogación da reforma laboral. Salarios dignos para a muller traballadora. Ningunha empresa pode negarse a contratarnos por estar embarazadas, cumprir con estándares estéticos, por cor de pel, etc.
- Castigo exemplar ó acoso sexual laboral.
- Dereito a seis meses de permiso por maternidade para ambos pais, con salario ó 100%. Escolas infantís públicas e gratuítas en cada barrio e/ou centro de traballo, que posibiliten compaxinar emprego e maternidade.
- Servizo público de lavanderías, comedores, tinturarias, limpeza do fogar..., dignos e gratuítos para acabar coa escravitude das tarefas domésticas.

## Ó volver a casa non queremos ser valentes, queremos ser libres!

- Basta de converter o corpo da muller nun obxecto, alimentando desta forma as agresións machistas. Retirada inmediata de calquera tipo de publicidade sexista que utilice o corpo feminino como reclamo.
- Abaixo o canon de beleza que nos impoñen as grandes multinacionais do téxtil, a cosmética, a dietética e a cirurxía estética. Non só é absurdo e irreal, senón que alimenta prexuízos, traumas e enfermidades.